



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. PARA A DIVULGACIÓN DAS POLÍTICAS DA CONSELLERÍA NA PREVENCIÓN CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS E PROTECCIÓN DO MONTE

En Santiago de Compostela, a 23 agosto de 2017

### REUNIDOS

Dunha parte, \_\_\_\_\_, director xeral de Ordenación Forestal, segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194 do 9 de outubro de 2015) polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 17 de novembro de 2015 sobre delegación de competencias (DOG núm. 223 do 23 de novembro de 2015).

E, da outra, \_\_\_\_\_, con N.I.F. \_\_\_\_\_, en nome e representación de VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U., CON C.I.F. \_\_\_\_\_, inscrita no Rexistro Mercantil de \_\_\_\_\_, ao Tomo \_\_\_\_\_ do arquivo, Sección Xeral, Folio \_\_\_\_\_, Folla nº \_\_\_\_\_. Actúa en condición de Apoderado, en virtude de Escritura pública de \_\_\_\_\_, autorizada polo Notario \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, ao número \_\_\_\_\_ do seu Protocolo, con facultades suficientes para este acto e que manifesta expresamente en vigor.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente competencia e capacidade para formalizar este convenio de colaboración e, para o efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de montes sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Que a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no seu artigo 6.1.m indica que corresponde á Xunta de Galicia, desenvolver campañas e actividades de educación e información para sensibilización da cidadanía no relativo ao combate dos incendios forestais e á persecución das actividades delituosas ou negligentes que causan os incendios forestais e coordinar a execución destas campañas,

con independencia das entidades que as realicen. Esta competencia será exercida polo Consello da Xunta de Galicia e pola consellería competente en materia forestal, no termos establecidos na dita lei.

**Segundo.-** Que a produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. considera do seu interese colaborar coa Administración autonómica galega na concienciación social e formación da poboación cara a prevención dos incendios forestais e protección do monte. En concreto, esta produtora realiza en exclusiva para a Televisión de Galicia, a serie *Serramoura* que, segundo datos de audiencia que presenta, durante a emisión da cinco primeiras tempadas e a metade da parte da sexta, foi o maior éxito de audiencia da ficción galega para televisión. A serie *Serramoura* retrata a vida dunha vila galega de interior, que ten na madeira o seu motor económico. Neste intre, estase xa a preparar a outra metade da partes sexta e a sétima tempada.

Polo tanto, existindo un interese mutuo coincidente, e para lograr os obxectivos mencionados, que responden a intereses xerais, as dúas partes acordan subscribir un convenio de colaboración consonte ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto do convenio**

O obxecto do presente convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. para sensibilizar e concienciar á cidadanía das accións que provocan os incendios forestais e as súas consecuencias, así como a protección do monte.

A campaña informativa en ningún caso abranguerá ningunha das finalidades ou materias sobre as que o artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional, estenda a súa prohibición.

### **SEGUNDA.- Actuacións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto**

A produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. produce unha serie de emisión semanal en horario de prime-time nocturno, para a Televisión de Galicia (TVG) que leva por título "SERRAMOURA". Esta entidade trala entrega pola Consellería do Medio Rural da documentación precisa comprométese á integración de material informativo preventivo nos decorados da mesma, así coma, no seu caso, mediante o uso de imaxes e/ou elementos reais propios do traballo dos operativos de prevención de incendios forestais.

Na serie visualizaranse escenas e mensaxes que poñan en valor o sector forestal nun entorno rural.

É moi importante que se detallen as prácticas silvícolas ordinarias (cortas, clara, podas, infraestruturas, repoboacións...), que supoñen que a audiencia se familiarice co traballo forestal que antes estaba no día a día da poboación rural. Tamén supón que se perciba a súa importancia económica e as grandes posibilidades de crecemento e, así vislumbrar a súa incidencia positiva na economía familiar.

Tamén é fundamental que se fale das medidas de protección. A poboación galega ten que ser consciente de que os atentados contra o monte, especialmente os incendios forestais, poñen en risco a herdanza das xeracións futuras.

En resumo, farase fincapé na lacra dos incendios e na importancia da nosa riqueza natural, dando mensaxes e imaxes que divulguen as políticas de defensa do monte e tamén que permitan ver os recursos cos que conta a comunidade galega.

Cómpre destacar que será responsabilidade da entidade fixar o seu contido concreto sen que exista reserva de espazos fixos. Neste punto, hai que indicar que a inclusión de material nos decorados así como as secuencias con figuración especial dun axente forestal e os diálogos non constitúen en ningún momento reserva de espazos fixos xa que queda a súa distribución ao arbitrio da produtora.

### **TERCEIRA.- Compromisos da produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U.**

A produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. comprométese a realizar, nos capítulos 88 a 100, correspondentes á sexta e a sétima tempada, as seguintes actuacións:

- 1.- A transmisión de imaxes e mensaxes coa finalidade de concienciar á cidadanía sobre a problemática dos incendios forestais en Galicia.
- 2.- Comprométese tamén a unha difusión que garanta unha gran repercusión entre a cidadanía.
- 3.- Os medios técnicos e humanos necesarios para a elaboración das mensaxes informativas e divulgativas desta, serán por conta da dita entidade.

En concreto, neses capítulos contarase cun mínimo das seguintes presenza:

- Logo da Consellería (Xunta) en todos os capítulos.
- 1 diálogo especial por tempada.
- 3 transicións de vehículo ou axente forestal por tempada.
- Enlace á web da Consellería do Medio Rural, dende a web oficial da serie [www.serramoura.com](http://www.serramoura.com)

#### CUARTA.- **Compromisos da Consellería do Medio Rural**

A Consellería do Medio Rural comprométese a:

- 1.- A achega, como máximo, das cantidades que figuran no presente convenio para levar a cabo o obxecto do mesmo.
- 2.- A orientar e facilitar toda canta información e documentación e mailo asesoramento que sexa necesario para a boa realización das publicacións obxecto do convenio.

#### QUINTA.- **Condições Económicas**

Para a colaboración nos gastos orixinados para a realización da devandita información, e como compensación dos gastos nos que incorre a entidade para a realización do obxecto do convenio, a Consellería do Medio Rural aportará á produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U. ata un máximo de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 2017 13 02 551B 640.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa natureza como un investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Medio Rural neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais que se poidan materializar en activos.

A colaboración financeira da Consellería do Medio Rural neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento da campaña obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación ou concurso financeiro acordo á actividade ou conduta esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.

O obxecto do convenio poderá darse por cumprido (e a produtora poderá facturar) sempre que os capítulos xa foran gravados e producidos antes do 20 de decembro de 2017 (aínda que a emisión dalgúns capítulos pola TVG se realice con posterioridade). O aboamento da dita cantidade farase nunha vez, logo da certificación, por parte do representante da produtora, da realización do obxecto do convenio, contra a presentación da factura correspondente, na que figurarán como concepto “convenio asinado **coa Consellería do Medio Rural – Dirección Xeral de Ordenación Forestal- e Voz Audiovisual no ano 2017**”, que sexan obxecto deste convenio, previa conformidade da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural.



A produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U tamén achegará as certificacións expedidas polas administracións correspondentes, que acrediten que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como que non ten débedas contraídas coa Xunta de Galicia.

A Consellería do Medio Rural terá acceso libre e uso gratuíto dos capítulos ou segmentos nos que aparezan os elementos informativos, para usalos con finalidade informativa por outros cauces.

#### **SEXTA.- Réxime de persoal**

A realización das actuacións previstas neste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e esta consellería, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a produtora VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U., nas relacións cos traballadores aos que encomende a execución da campaña.

#### **SÉTIMA.- Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o debido cumprimento do convenio, resolver as dúbidas e resolver as controversias a que dea lugar a súa interpretación e execución, creárase unha comisión de seguimento composta por dous membros de cada unha das partes, que se nomearán polo director xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e polo representante da entidade VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U.

#### **OITAVA.- Vixencia**

A vixencia deste convenio estenderase desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 20 de decembro do ano 2017, sen que sexa posible a súa prórroga. Polo tanto, tanto a labor de sensibilización que constitúe o seu obxecto como os actos posteriores deberán atoparse totalmente rematados na dita data límite.

#### **NOVENA.- Resolución**

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás que conorra causa xustificada.
- c) O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas no mesmo.

#### **DÉCIMA.- Carácter do convenio**

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1.d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Litixios**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula sétima anterior do presente convenio. Se non se puidese acadar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Transparencia**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

E en proba de conformidade e para a debida constancia do pactado, asinan o presente convenio, por duplicado, e en todas as súas follas, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Medio Rural

O representante da entidade  
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.U.

A conselleira

P.D. Orde 17/11/2015

(DOG 223 do 23/11/2015)

O director xeral de Ordenación Forestal